

Curso académico: 2025/26

201892 - Informática Audiovisual

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 201892

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual
10098 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Formación Básica

Curso: 1

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Segundo cuatrimestre

Idiomas:

Docencia Expositiva: Grupo 101: Castelán

Docencia Interactiva: Grupo 101: Castelán

Grupo 102: Castelán

Grupo 103: Castelán

Acta: Grupo 1: Pendente

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: Alfonso Castro Martínez

Profesorado: José Carlos Dafonte Vázquez, María Martínez Pérez, Alfonso Castro Martínez

1. Descrición xeral

Na época da sociedade da información e os medios de expresión dixitais, a creación e o arte súmanse ó campo das tecnoloxías como medio de xeración de contidos, soporte da visualización e incluso caudal de distribución ou difusión.

Desta maneira, a computadora persoal converte-se no elemento clave do novo estudo do autor. Moitos dos procesos creativos ou de transformación baséanse no seu emprego.

O bo uso e mantemento destas computadoras é fundamental para o correcto desenvolvemento das posibilidades artísticas. Por descoñecemento ou falsas crenzas, unha máquina pode ser infrautilizada, imposibilitando o rendemento óptimo e provocar frustración no creador. Nesta materia explicaremos os conceptos básicos de informática aplicada a un catálogo de boas prácticas e consellos de posta a punto, así como ferramentas para optimizar as súas tarefas, con especial atención ó uso e manexo polo creador audiovisual de: ferramentas para a documentación e presentación de contidos, bases de datos, manexo

avanzado de Internet, contidos dixitais multimedia e a súa distribución, etc.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Coñecementos

- [C6] Identificar e valorar a importancia da cultura emprendedora e recoñecer os medios para emprender

Habilidades

- [H1] Aplicar as técnicas de creación e produción audiovisual
- [H2] Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación e as ferramentas específicas do audiovisual necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
- [H3] Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado, atendendo á accesibilidade universal e ao deseño para todas as persoas

Competencias

- [CP1] Comunicar mensaxes audiovisuais
- [CP10] Aplicar a aprendizaxe para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
- [CP2] Deseñar e crear produtos audiovisuais
- [CP7] Integrarse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de diagnosticar problemas, formular e implantar solucións orientadas ao ben común
- [CP8] Xustificar como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida
- [CP9] Discriminar e aplicar o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver os problemas aos que deben enfrontarse no seu ámbito de estudo, dunha maneira sostible

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	Tema1: Introducción: 1.1 Conceptos e definicións 1.2 Historia da informática 1.3 Codificación dixital da información 1.4 Comunicación dixital da información	CP1, CP2, CP8.	MAG00, MAG21, MAG31, MAG39.	SEG31, SEG34.
Tema	Tema2: Hardware e dispositivos audiovisuais: 2.1 Hardware informático 2.2 Conceptos de sistemas operativos 2.3 Interfaces de comunicacións 2.4 Sistemas de arquivos 2.5 Dispositivos audiovisuais	H2, CP1, CP10, CP2, CP7, CP8.	MAG00, MAG31, MAG39.	SEG31.
Tema	Tema3: Almacenamento de contido: 3.1 Conceptos de dixitalización 3.2 Contenedores de imaxe, audio e vídeo 3.3 Transformación e compresión de imaxe, audio e vídeo 3.4 Creación de contidos audiovisuais 3.5 Distribución na rede de contido audiovisual	C6, CP1, CP10, CP2, CP8.	MAG00, MAG21, MAG31, MAG34, MAG39.	SEG31, SEG34.
Tema	Tema 4: Xestión de información audiovisual: 4.1 Fontes de Información 4.2 Ferramentas para a documentación e presentación de contidos 4.3 Seguridade na rede 4.4 Procura de contido audiovisual 4.5 Linguaxes de marcado e sindicación de contidos 4.6 Xestión e almacenamento de información	C6, H1, H2, H3, CP1, CP10, CP2, CP7, CP8, CP9.	MAG00, MAG21, MAG22, MAG31, MAG34, MAG39, MAG42.	SEG22, SEG31, SEG34, SEG42.

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención personalizada [MAG00]	Estímase que o alumnado terá diferenzas notables tanto no emprego como nos conceptos manexados nesta materia. Por iso prevese facer unha atención personalizada para as prácticas na aula e para os traballos que fagan en grupo. A metodoloxía base que empregaremos será a tutoría.	0,00	0,00	5,00	H1, H2, CP1, CP10, CP2, CP9.
Prácticas de laboratorio [MAG21]	Traballaranse os conceptos básicos da informática Conceptos avanzados relacionados coa procura de información. Creación de material audiovisual. Manexo das aplicacións de ámbito audiovisual. Desenvolveranse, principalmente, de maneira presencial polo alumno. Apoiándose a maiores ferramentas telemáticas apoiadas pola institución como Moodle e Teams.	11,00	0,00	10,50	H1, H2, CP2, CP8, CP9.
Presentación oral [MAG22]	Exposición presencial do traballo tutelado desenvolvido ao longo da materia.	1,00	0,00	1,00	H1, H2, H3, CP1, CP7, CP9.
Proba obxectiva [MAG31]	Proba escrita presencial sobre os conceptos expostos nas sesións maxistrais.	2,00	0,00	3,00	CP10, CP9.
Proba práctica [MAG34]	Proba no laboratorio para a avaliación da adquisición das habilidades impartidas nas clases prácticas. Apoiándose en maiores ferramentas telemáticas apoiadas pola institución como Moodle e Teams.	6,00	0,00	10,50	H1, H2, CP10, CP2, CP9.
Sesión maxistral [MAG39]	Impartiranse os conceptos teóricos da materia. Para a súa impartición se empregaran as maiores ferramentas telemáticas apoiadas pola institución como Moodle e Teams.	28,00	0,00	45,00	H1, H2, CP1, CP10, CP8.
Traballos tutelados [MAG42]	Realización dun traballo relacionado con comunicación audiovisual. Fánno tanto en modo presencial como telemáticamente.	3,00	0,00	24,00	C6, H1, H2, CP1, CP2, CP8, CP9.
Suma de horas por tipo		51,00	0,00	99,00	
Horas totais				150,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Presentación oral [SEG22]	Presentación do traballo tutelado desenvolvido polos grupos de traballo reducido.	5,00	H3, CP1, CP7, CP8, CP9.
Proba obxectiva [SEG31]	Proba de coñecemento de adquisición dos conceptos expostos nas clases maxistrais.	50,00	CP10, CP9.

Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Proba práctica [SEG34]	Proba de adquisición das competencias desenvolvidas nas prácticas.	40,00	H1, H2, CP10, CP2, CP9.
Traballos tutelados [SEG42]	Avaliación do traballo desenvolvido polos diferentes grupos de traballo reducido.	5,00	C6, H1, H2, CP1, CP2, CP8, CP9.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

Para superar a materia é obrigatorio:

- Acadar puntos nas 4 partes:
 1. Avaliacións das prácticas
 2. Proba obxectiva da materia teórica
 3. Calidade do traballo tutelado
 4. Presentación do traballo.

Para superar a materia é obrigatorio tras calcular e sumar as porcentaxes de cada parte, obter un mínimo de 5 sobre 10 para aprobar a materia.

Tanto para a primeira como a segunda oportunidade os criterios base serán os mesmos.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, as medidas a tomar rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

NOTA: As datas oficiais de exame non poderán ser modificadas en ningún caso (salvo modificación aprobada na Xunta de Facultade).

ESTUDANTES CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL: Deberán poñerse en contacto co profesorado da materia para posibilitar a realización das tarefas fóra da organización habitual da materia.

O estudantado que non superara esta materia no curso 24/25 ou anteriores segue o plan de estudos sen modificar, distinto ao actual, polo que a súa avaliación será a mesma que para o curso

24/25: https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=616&ensenyament=616G01&assignatura=616G01008&fitxa_apartat=7&

5.2. Segunda oportunidade

Aplicaranse os mesmos criterios que para a primeira oportunidade.

5.3. Oportunidade adiantada

Aplicaranse os mesmos criterios que para a primeira oportunidade.

5.4. Dispensa académica

Serán dispensables aquelas actividades recollidas na normativa o respecto da UDC

(https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/005723), **sempre e cando a solicitude fose presentada en tempo e forma.**

Naquelas actividades que sexan dispensables deseñárase un plan de actuación para o alumno que dada a motivación da dispensa e a súa situación lle permitan acadar os obxectivos académicos fixados e realizar as avaliacións correspondentes en igualdade de condicións e a posibilidade de obter a máxima cualificación.

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Elmasri, Ramez., Navathe, Shamkant B. (2007). Fundamentos de sistemas de bases de datos. Addison-Wesley, 5ª ed.. Libro. [URL](#)
- Martín Martínez, Francisco José., Raya Cabrera, José Luis., coord. (2003). Informática básica. Ra-Ma. Libro. [URL](#)
- Niederst Robbins, Jennifer, autor. (2018). Learning Web Design : a beginner's guide to HTML, CSS, Javascript, and Web Graphics. O'Reilly, Fifth Edition.. Libro. [URL](#)

- Norton, Peter. (2006). Introducción a la computación. McGraw-Hill, 3ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Plasencia López, Zoe. (2013). Introducción a la informática : edición 2013. Anaya Multimedia. Libro. [\[URL\]](#)
- Prieto Espinosa, Alberto; Ingebook (Servicio en línea); e-libro, Corp.; Torres Cantero, Juan Carlos.; Lloris Ruiz, Antonio. (2006). Introducción a la informática. McGraw-Hill España. Libro. [\[URL\]](#)
- Silberschatz, Abraham, Sudarshan, S.; Korth, Henry F. (2014). Fundamentos de bases de datos. McGraw-Hill, 6ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Álvarez García, Alonso. (2018). HTML 5.2. Anaya Multimedia. Libro. [\[URL\]](#)

7. Recomendacións

En perspectiva de xénero e igualdade seguiranse as seguintes directrices:

-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

-Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

- Os recursos hardware e software necesarios para a realización das diferentes actividades estarán dispoñibles nos laboratorios da facultade.

Recalcar que todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.